

(FCG/af)

DECRETO: Ourense, 24 de maio de 2016

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF-, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

DÍA: venres, 27 de maio de 2016.

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*.

LUGAR: Salón de sesións do Pazo Provincial.

*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

ORDE DO DÍA

Apartado resolutivo:

- 1.- Acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de abril de 2016.
- 2.- Resolución de alegacións formuladas contra a modificación do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial en materia de acceso e participación do público nas sesións do Pleno, e aprobación definitiva da dita modificación.
- 3.- Aceptación da delegación de competencia formulada polo Concello de Parada de Sil para a tramitación do expediente expropiatorio para a execución da obra “acondicionamento camiño rural Hedrada-OU 0604, no Concello de Parada de Sil.
- 4.- Moción do Grupo Popular a prol da mellora dos servizos de transporte público entre as vilas da provincia e a capital de Ourense.
- 5.- Moción do Grupo Socialista sobre a protección da actividade apícola autóctona na provincia de Ourense.
- 6.- Moción do BNG sobre a mellora da atención sanitaria na provincia de Ourense.
- 7.- Adhesión da Deputación á Sección de Municipios de Augas Minerais e Termas de España adscrita á FEMP.
- 8.- Moción do Grupo Socialista sobre a inspección de equipos de aplicación de produtos fitosanitarios.
- 9.- Concesión da medalla de ouro da provincia aos integrantes do grupo musical Los Suaves.
- 10.- Bases reguladoras do programa da Deputación de Ourense cos concellos, para a creación e o cofinanciamento dunha rede de espazos culturais e a programación coordinada de actividades a nivel provincial (2016)
- 11.- Moción do Grupo Popular en apoio da Festa do Boi de Allariz.
- 12.- Cambio de data da sesión ordinaria do mes de xuño de 2016.
- 13.- Mocións de urxencia.

Apartado de control e fiscalización do goberno provincial

- 14.- Dación do Decreto de delegación en don Rosendo Luís Fernández Fernández a representación da Presidencia da Deputación na Comisión de Deputacións, Cabidos e Consellos Insulares da FEMP, para o 19.05.2016.

- 15.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
- Presidencia: mes de abril de 2016 e 1º adicional de marzo de 2016.
 - Deputado delegado de Facenda: mes de abril de 2016 e dos seguintes adicionais: 3º de xaneiro, 2º de febreiro e 1º de marzo de 2016.
 - Deputado delegado de Administración Provincial: mes de abril de 2016.
 - Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de abril de 2016.
- 16.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,